



CONCELLO DE BARBADÁS

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS DE CALQUERA CLASE.

Título I. Fundamento e feito impoñible.

Artigo 1º.

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 e seguintes do RD. Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola prestación dos servizos municipais de vertidos de augas residuais ó medio receptor da conca hidrográfica nas condicións esixidas pola lexislación vixente, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º.

O feito impoñible está constituído pola realización dos vertidos derivados da produción de augas residuais.

Artigo 3º.

1.- Entenderase por augas residuais, aquelas augas usadas que, procedentes de vivendas, locais ou establecementos comerciais, industriais, sanitarios ou instalacións agrícolas, se evacúan polas instalacións públicas ou privadas de saneamento ós distintos medios receptivos, diluídas ou non con calquera auga subterránea, superficial ou pluvial que se lle incorporara.

2.- Entenderase por servizos municipais ós efectos da presente Ordenanza, a evacuación final das augas residuais definidas no apartado 1 anterior, ó medio receptor da conca hidrográfica correspondente, incluíndo a realización das actuacións correctoras sobre a calidade das ditas augas que poidan derivarse das limitacións dos vertidos impostas pola lexislación vixente.

Título II.- Obrigación de contribuír e suxeitos pasivos.

Artigo 4º. Suxeitos pasivos

Terán a consideración de suxeitos pasivos, todos aqueles usuarios, persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades que regula o artigo 35 da Lei xeral tributaria, titulares dunha vivenda, actividade, comercio ou industria que produzan augas residuais ou vertan a través da rede de colectores municipais.





CONCELLO DE BARBADÁS

Título III. Cota tributaria.

Artigo 5º.

A contía da Taxa reguladora nesa Ordenanza será a fixada no seguinte cadro, efectuándose unha actualización das tarifas en función da variación do IPC que segundo o Instituto Nacional de Estatística, de setembro de 2017 a setembro de 2018 experimentou unha subida do 2,3 %

<i>VERTIDOS</i>	2018	2019
Cota de servicio	1,641012 €/mes	1,678755 €/mes
Consumo	0,327102 €/mes	0,334625 €/mes

Artigo 6º.- Réximes de obrigacións formais.

1.- Excepcionalmente dentro dos seis primeiros meses do ano, ou nos tres meses seguintes a producirse o feito imponible no suposto de novas altas, os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 4º e que realicen o feito imponible definido no artigo 1º, virán obrigados a presentar a correspondente declaración de alta por cada unha das vivendas, locais, establecementos comerciais ou industriais, sanitarios, ou instalacións agrícolas, de acordo co modelo oficialmente aprobado.

2.- O Concello, cos datos declarados polo contribuínte, e sen prexuízo da súa comprobación, procederá a liquidar e xirar, co carácter de provisional, a débeda tributaria que resulte conforme á declaración presentada.

3.- A Administración Tributaria, previos os informes técnicos, no seu caso comprobará as declaracións formuladas, practicando, co que disto resulte, as liquidacións definitivas.

4.- Tanto as declaracións, coas súas liquidacións provisionais, como definitivas, producirán alta, con tal carácter, no Padrón do tributo. Igualmente producirán alta no dito Padrón, as actuacións derivadas das actas de Inspección de Tributos.

5.- Os contribuíntes que modifiquen as circunstancias que constitúen e configuran o feito imponible, así como os elementos determinantes da débeda tributaria, incluído o cesamento da actividade deberán comunicar á Administración Tributaria Municipal as ditas variacións no prazo de trinta días a partir da dita alteración.

Artigo 7º. Período impositivo e Devengo.

1.- Esta taxa integrarase nos recibos do subministro da auga.

2.- Devengo: O devengo producirase o primeiro día do bimestre natural

Artigo 8º. Infraccións e sancións tributarias.



En todo o relativo ás infraccións tributarias e a súa cualificación así como as sancións que lles



CONCELLO DE BARBADÁS

correspondan, aplicaranse as normas da Lei xeral tributaria.

Disposición Final.

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo ata a súa modificación expresa.

En Barbadás a 26 de decembro de 2018

O Alcalde

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval

